CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2022/6

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN - CASA DO CONCELLO, xoves 23 de xuño de 2022 -

No día da data, ás 11:35 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación a solicitude, polo menos, da cuarta parte dos concelleiros/as.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ
ANA MUÑIZ ABUÍN

BNG
XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA
M. SOLEDAD BOGA GRELA
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ
JOSÉ PABLO CARBAJAL IGLESIAS

Unidade Veciñal de Dodro
ABEL TARRÍO ABUÍN
XOÁN XOSÉ VICENTE FRANCO

AUSENCIAS:
PP
ADRIANA SÓÑORA BUSTELO

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na
ORDE DO DÍA

1. EVALUACIÓN DA SITUACIÓN NA QUE SE ATOPAN OS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE DODRO E A SÚA REPERCUSIÓN NA ATENCIÓN DOS NOSOS VECIÑOS.

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. CESE DO ACTUAL CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, D. XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN.

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Bos días outra vez. Vamos a iniciar o pleno extraordinario a petición de tres concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular cos dous puntos do orde do día.*
PRIMEIRO.- Evaluación da situación na que se atopan os Servizos Sociais do Concello de Dodro e a súa repercusión na atención dos nosos veciños.
SEGUNDO.- Cese do actual Concelleiro de Servizos Sociais, D. Xoán Bautista Mariño Abuín."

1. EVALUACIÓN DA SITUACIÓN NA QUE SE ATOPAN OS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE DODRO E A SÚA REPERCUSIÓN NA ATENCIÓN DOS NOSOS VECIÑOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro: "*Visto o informe de secretaría-intervención vamos a proceder a debater no primeiro punto do orde do día o que comunicou o Partido Popular no seu escrito que é evaluación da situación na que se atopan os Servizos Sociais do Concello de Dodro e a súa repercusión na atención dos nosos veciños.*
Voulle dar un turno inicial a todos os portavoces e intentarei que se manteña, bueno e saltaremos o orde do grupo de goberno, primeiro intervirá o Sr. Mariño. Por favor, señor Alfonsín, portavoz do partido popular, solicitante do pleno"

Valentín Alfonsín, voceiro do PP: *"Bos días a todos. Actualmente non podemos falar do mellor ou peor funcionamento do departamento de Servizos Sociais porque este non existe, pois ata fai uns poucos días non estaba ocupado o posto de Traballadora Social, e levamos case dez meses sen Educadora Familiar, pero isto non é de agora imos lembrar.*
A finais de 2019 so uns poucos meses de empezar esta lexislatura vostedes o Goberno Nacionalista Socialista tripartito decidiu prescindir do servizo de psicoloxía onde traballaban dúas psicólogas cargándose literalmente ata catro programas: cóidate, apoio psicolóxico a muller, estimulación cognitiva e talleres de educación emocional para menores. Xustificárono argumentando que tiña rematado o prazo de contrato e non podía renovarse, xusto todo o contrario do que están a facer cos avogados ao servizo do Sr. Castro.
En febreiro do 2021o Sr. Abuín Mariño presenta un programa financiado pola Deputación da Coruña que incluía a contratación dunha psicóloga , un ano despois terá que devolver vinte e sete mil euros da subvención sin ter contratada ningunha psicóloga. En plena pandemia e despois da pandemia, cando moitísimas persoas tiveron que illarse o Concello de Dodro rescindiu dos servizos de apoio psicolóxico.
Co goberno do Partido Popular o reparto de alimentos facíase de forma mensual e complementábanse cos alimentos por outros que o mesmo concello compraba, vostedes nacionalista, socialistas empezaron a facer o reparto cada tres meses e acabamos a pasar seis meses sen repartir alimentos; á medida que souben os alimentos vostedes dan menos e máis tarde, levan cos alimentos máis de vinte

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

días almacenados, de verdade que non lle cheiran? Pode vostede acreditar que están en perfecto estado os alimentos que recibiron vostedes o día 31 de maio? Van vostedes a repartir eses alimentos entre as familias? Non nos estrañaría.
Reciben vostede cada ano máis financiamento para Servizos Sociais dende a Xunta e dende a Deputación, iso permite incrementar as axudas, aínda así son vostedes incapaces de xestionar algo tan simple como é a distribución de esas axudas.
O curso escolar comenza en setembro pero vostedes non dan as axudas ata pasar catro, cinco meses e ademais poñen máis limitacións para poder optar a estas axudas, teñen vostedes máis recursos e aínda así son incapaces de axudar ás familias de Dodro cando realmente o necesitan ano tras ano, curso tras curso.
Como xa dixen antes para prescindir da psicóloga argumentaron vostede que xa tiña rematado o prazo de contratación, o mesmo pasou cos avogados do bo goberno nacionalista-socialista, pero seguen a pasar facturas.
A empresa que presta o servizo esterno de axuda no fogar leva tres anos co contrato rematado, dicían vostedes que ian a facer unha nova contratación cun prezo por hora moi superior ao que tiña, pero seguen sen sacar a contratación do servizo. Non nos dirán tres anos despois que non tiveron tempo para facer a contratación.
No ano 2021 a Deputación da Coruña financiou ao Concello de Dodro 5.040 horas, pero vostedes só foron capaces de asinar 4.300 horas .
No ano 2020 asináronlle 1.115 horas entre marzo e novembro sen necesidade de informe de dependencia, pero só foron capaces de asinar 127 horas. E mentres vostede é incapaz de asiganr as horas do SAF os nosos veciños agardan entre dous e tres meses a que se lle asinen, e non diga vostede que é un incremento de horas do Servizo de Axuda no Fogar os atribúe vostede, porque esa horas as distribúe a Xunta en base a informes técnicos.
A situación empeora cando hai unha ausencia das empregadas que prestan o Servizo de Axuda no Fogar básico, por vacacións ou enfermidade e vostede non se molesta en remplazar esas horas con persoal externo ou crear unha bolsa que permita contratar a substitutos.
O posto de Auxiliar Administrativo estivo un ano sen ser cuberto, en todo ese tempo vostedes foron incapaces de cubrir esa baixa e o único que conseguiron foi aumentar a carga de traballo do resto do persoal .
Tiveron a a oportunidade de contratar persoal de reforzo no ano 2022, pero a día de hoxe non hai ningunha noticia a es respecto.
A educadora familiar fai nove meses que causou baixa, nove meses durante os cales as familias non tiveron ese importantísimo servizo de apoio eso sí, todo o mundo pudo coñecer os datos da saúde desta persoa , grazas ao alcalde que o fixo público nun pleno, pasándose por alto a máis elemental normativa que rixe para a protección dos datos persoais.
Tiveron todo o tempo do mundo para preparar os trámites necesarios para contratar unha persoa cualificada para cubrir o posto e manter o servizo de xeito continuado, pero fixeron todo o contrario unha vez máis en prexuízo dos veciños.
O día tres de maio causa baixa a traballadora social, mes e medio tivo que transcorrir para cubrir a baixa , despois de que a primeiros de ano dixeran vostedes que ían crear unhas bolsas de emprego para este posto de traballo e para o posto de educadora familiar.

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Di o alcalde que os expedientes se seguen tramitando coa axuda de traballadores de outros concellos, pero máis tarde contesta por escrito a este conselleiro que non se está tramitando ningún expediente por parte de traballador de outros concellos, outra mentira máis.
As empregadas do sevicio básico de asistencia no fogar, deben ser coordinadas por un técnico, pero para o alcalde e o concelleiro de servizos socias, iso non ten por que ser así e non sabemos se se lles organiza o traballo ou si llo organizan e por persoal sen a capacidade requerida.
A inspección da Xunta acredita falta de persoal, a falta de persoal técnico, a falta de visitas, e a obriga de facer todo en menos de dous meses, será por eso que agora lles entrou a presa para contratar a unha traballadora social .
E xa no colmo dos auténticos despropósitos, unha das tres traballadoras dos servizos sociais, presenta unha demanda por acoso laboral contra a traballadora social do concello. Só tres traballadoras baixo a dirección directa do concelleiro de servizos sociais, o señor Mariño Abuín, só tres traballadoras e acaban nunha demanda por acoso laboral. ¿onde estaba vostede, señor Mariño?
Segundo declaración do señor Castro recollidas no medio Enfoques, ao que pagan mensualmente, o día seis de agosto de 2021, dicía " o servizo de atención social, son unha prioridade para o grupo de goberno", unha prioridade... Á vista está que estes tres anos, non fixeron vostedes outra cousa que mentir, enganar e prexudicar gravemente o benestar da nosa veciñanza, xustamente os que máis axuda necesitan no peor momento posible, e aí están vostedes para facer dano, porque é o único que saben facer, dano ao próximo.
Señor Mariño Abuín, ¿sabe vostede que veciños de Dodro faleceron mentres esperaban que se lles asignase unhas pouquiñas horas de atención e servizo de axuda?, que facía vostede señor Mariño mentres tanto, arrecendendo o maio ou mirar para os patos?
Nada máis, moitas grazas".

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Moitas grazas, vamos a seguir a orde habitual, señor Mariño, por favor, interveña"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de BNG de Dodro: *"Moitas grazas, bos días a todas e a todos.*
Vostedes continúan, os do partido popular, coa súa campaña de fake-news, empregando os recurso democráticos do concello para entorpecer a democracia do municipio, son incapaces de representar á veciñanza tranquila de Dodro dignamente, non lles interesa Dodro,como lles vai a interesar se case ninguén fai vida en Dodro!, interésanlle os cartos dos de Dodro para teren o poder que Dodro lle nega cada vez que sementan discordias e mentiras.
Xa ouviron unha e outra vez deste goberno, as boas accións encamiñadas á cidadanía, sen distincións, que vostedes foron incapaces de facer.
É moito máis fácil construír que a destrución do PP cando goberna, desde a Unión Europea ata Dodro, nos seus mandatos:
Sen polígono industrial, enfrontamentos coa veciñanza, favoritismos aos seus amigos, despidos e expedientes que acabaron minguando ás arcas municipais, sen gañar un só dos preitos nos que nos meteu ao concello de Dodro e que aínda estamos a sufrir e con cartos que saen das arcas municipais.

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

E agora pregunta outra vez polos Servizos Sociais...inaudito.
Xa ben demostraron no último pleno que carece o PP , da máis mínima Memoria Histórica democrática.
Isto que trae aquí, non é falta de memoria, é , como dicía ao principio, por esgotar os recursos municipais e atrasar o bo quefacer deste goberno cando están chamadas a comportarse como persoas dignas deste plenario.
Pois replícolle que seguen ancorados na ignorancia e non lles interesa. Tendo en conta que nin sabe como so as áreas municipais nin se preocupan pola acción deste goberno tripartito.
A ignorancia da que presumen impídelles ver que non todo é Servizos Sociais, pero si, todo é goberno municipal . Mire un exemplo, Resolución da alcaldía 232 do ano2019:
Hai servizos sociais e benestar ,para as persoas maiores,Programas sectoriais e específicos, Servizos de dependencia.
E hai un área de igualdade, Xuventude e relacións veciñais
Para mellor atención da muller e igualdade, Xuventude, Participación social e cidadá, Relacións veciñais e festexos
Non sabemos moi ben a que lle chama vostede Servizos Sociais, pero voulle falar un pouco, a ver se lle queda claro despois se ver que vostede non le os decretos e non sabe como funciona un concello. Por certo , Igualdade e Xuventude e Relacións Veciñais, lévao unha compañeira deste pleno que se chama Ana Muñiz, compañeira de equipo de goberno do grupo socialista, non sei se o sabe!
Mire cando chegamos nos ao goberno, vimos a escandalosa xestión municipal que sumada á débeda, tivemos que afrontar, mentres que o PP non aceptaba que xa non era o goberno, desde o primeiro momento dedicouse a denunciar ao equipo de goberno e veciñanza.
Non contentos con iso, agora empregan a persoas para difamar, non actúan con lealdade como edís, e mesmo acosan ao persoal municipal, nunca visto neste concello.
Miren, recórdolle o dos últimos plenos por parte deste concelleiro, nacionalista galego, do concello de Dodro.
Instalamos en varias áreas a cita previa. Na miña área delegada, nada máis chegar e analizada a situación e despois de escoitado o persoal. Resultado, ningún problema e felicitacións,.
Creáronse programas con protocolo de actuación e custe 0 para a cidadanía, o Dodro Escoita, copiado en moitos concellos e moi apreciado en plena pandemia .
Ampliamos o número de horas á dependencia. De 1830 hs que había cando chegamos pasamos a 2305 horas.
Axeitamos o horario para mellor atender no fogar.
Ampliamos as axudas económicas á escolaridade e para axudas de material informático , nunca antes vista. Revisen os datos e compárenos cos do PP.
Ampliamos persoal coas convocatorias da Deputación da Coruña.
Axudas de alimentos con garantías, con luz e taquigrafo. Por certo, eu non lle paso a man polo lombo a ningunha persoa que poida necesitar nun momento dado a axuda municipal! "ponga un pobre a la mesa" é dos anos 50! Por certo, estase facendo agora o trabalo preceptivo para os alimentos , non é chegar e encher!

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Houbo que crear bolsas de emprego,o que implica creación de tribunais para cubrir posibles baixas, o que o PP nunca fixo.
Por que así? Porque hai que facer a selección de persoal cualificado e non a dedo! E iso é lento, seguro, pois o rápido sería... a dedo e que o PP volvera a denunciarnos no xulgado por enchufismo claro... e a xente de Dodro non quere ver aos seus gobernantes no xulgado.
Creación de programas de información á cidadanía.
Colaboración có CIM e Servizos Sociais da comarca.
Colaboracións e máis investimento que o PP, para ANDAINA, Pro saúde Mental, AMIPA.
Atención e xestións varias nas sedes de Igualdade e Benestar, o que vostedes chaman Servizos Sociais.
E ademais votaron a favor no pleno de febreiro o PP , a favor destas políticas. E agora veñen con isto? Fáganse mirar.
E todo isto con dedicación diaria como me ve a veciñanza, non só dunha ou 2 áreas se non de todo o goberno, que non se ve todos o días, sen ningunha reclamación. E no meu caso sen lle custar un euro de salario a este concelleiro desde a s súa toma de posesión. Non coma a mentira de Valentín Alfonsín Somoza a Dodro, dicindo que non ía cobrar de alcalde para logo cobrar o máximo permitido pola lei. E para que? Está claro , para desfacer Dodro coar peor xestión municipal de tódolos tempos: sen concentración parcelaria nas 2 parroquias porque a de San Xoán, para que?, seguramente non lle interesaba, sen polígono industrial permitindo que marchen empresas de Dodro ou non se establezan aquí, sen pedir unha nova depuradora para Vigo-por exemplo, absténdose mesmo na promoción dun dos veciños mais ilustres Eusebio Lorenzo Baleirón, sen ideas para o abandono do rural, incapaces de despregar telefonía de última xeración polas aldeas que non teñen, crispando a comuneiros e á comunidade educativa, adquirindo os terreos dos panteóns sen antes consultalo coas propietarias, etc.
Dodro nunca tivo tan vergonzosa oposición. Con 0 propostas, con 0 participación va vida municipal...e iso que temos o dobre de actos de todo tipo.
Son os do non, por sistema a esta goberno tripartito exemplo de traballo con iniciativas, pero si a resposta ás peticións que lle escoitamos á cidadanía desde a oposición e que agora no goberno desenvolvemos.
Este concelleiro ten realmente serias dúbidas de que o PP queira que Dodro progrese. So lle interesa o seu beneficio particular, a costa do que sexa e de quen sexa.
Como dicía Platon, ninguén é mais odiado que o que di a verdade.
Nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Moitas grazas, vamos retomar o orden activo, portvoz do partido popular, portavoz do partido socialista."*

Ramón Abuín Gómez, concelleiro do PSOE de Dodro: "Non me cambie, non me cambie. *Bueno creo que quedou moi ben explicado por parte do concelleiro de servizos Sociais e eu vou facer uns matices nada mais, creo que quedou súper explicado.*
Mire a situación do personal era a que collemos nos e é a mesma que estaba: bolsas de emprego, ningunha, usted todo eso , todas esas ausencias, digamos,

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

do persoal, eran porque careciamos dunha bolsa de emprego, que vostede nunca, nunca, se dignou en convocalas.
Mire, respecto do, da psicóloga, rematoulle o contrato, non?, unha situación irregular, a contratación, era cando menos irregular.
O reparto de alimentos, como se entera vostede disto? Ten ou hai un micrófono al de cando viñeron os alimentos, ou que pasa? e son alimentos non perecederos, penso que algo. Non sei, vostede sabe o día que foron por alimentos?, sabe usted?...

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Si...[inintelixible]"*

Ramón Abuín Gómez, concelleiro do PSOE de Dodro: "*e como se enterou?*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Home [Inintelixible]"*

Ramón Abuín Gómez, concelleiro do PSOE de Dodro: *"Alguén lle filtrou ese dato porque..".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: "*Alguén me filtrou?*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: "*por favor, sr. Alfonsín, non está vostede no uso da palabra, nen estamos nun debate televisado, manteña vostede"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *[Inintelixible]*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"por favor , manteña vostede o tipo, intente estar calado e manteña a boa educación, moitas grazas. Continúe señor Abuín."*

Ramón Abuín Gómez, concelleiro do PSOE de Dodro: *"eu sei a data , porque es día se enviou, un coche para recoller eses alimentos, e sei perfectamente, ao mellor non sei, ou ten aí un micro que se entera de cando chega ou unha televisión... bueno, son alimentos non perecedeiros, e bueno, non sei, ao mellor pode tardar 20 días, pois 20 días, e como dixo o concelleiro de Servizos Sociais, haberá que facer o reparto, a ver que situacións, a que persoas,... alguén terá que dicir: esta realmente necesita, esta non necesita, agora cambiou a situación , non son os mesmos de cando usted estaba, ao mellor é porque eu estou enterado de que algúns son seus amigos e sei ben de que falo, dos seus amigos, e cuns ingresos económicos superiores a moitas familias de aquí.*
E as axudas a escolaridade, o caso é dala durante o curso, ou hai que dicir que hai que dalas desde o primeiro día ou o primeiro día do curso? Está ben todo o reglamentario, están interrompendo por aí..."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *" Por favor, non interrompan (Inintelixible)"*

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez, concelleiro do PSOE de Dodro: "*Bueno, as contratacións, igualitas ás súas, é dicir, que non as había.*
Atraso do SAF e Dependencia, eso é falso, eu seino xa por unha situación familiar, que esta afirmación súa é falsa, falsísima, vostede, eu creo que delira un pouco, non?
As bolsas de emprego , falei antes, eso foi unha das carencias súas, pero xa sabemos que vostedes xestionen moi ben, por exemplo poña a súa propia empresa, e siga mentindo, que por moito mais que minta, segue sendo mentira.
Grazas alcalde."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Moitas grazas señor Abuín.*
Portavoz de Unidade Veciñal. Grazas"

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: "*Bos días a todos. Bueno, eu ao mellor repítome en algo do que se dixo aquí, pero vou facer unha intervención igualmente.*
Xa sabemos todos como solucionaría o PP de Dodro esta situación puntual nos Servizos Socias do concello, derivada da non existencia de listas de contratación, como xa se dixo aquí. Pero xa non só en Servizos Sociais, senón practicamente en tódolos departamentos. Con novas contratacións ilegais, sería a forma de solucionar o problema.
Algo do que ben aprenderon do PP do Estado, condenado por multitude de casos de corrupción política.
Por exemplo, unha curiosidade, unha busca en Internet de PP organización criminal danos 4.240,000 resultados aproximadamente, e agora que o goberno de Dodro para solucionar unha situación anormal fai cumprir a lei, có que isto supón de tempo, pois hai que facer convocatoria, como se dixo antes, hai que facer exames, hai que convocar tribunais, hai que facer publicación no BOP , hai que atender as alegacións, ás que teñen dereito os opositores...Veñen vostedes a darnos leccións aquí a nós.
Xa vostede levou esta problema á Deputación da Coruña, nun pleno con escaso éxito, o levou, porque mesmo alí, que xa o coñecen, a resposta do Presidente, deixouno retratado, non era o memento nen o lugar , dixéronlle. Pode intentalo a próxima vez no Vaticano, xa que disque este Papa está moi interesado nos asuntos sociais, e mesmo os ideólogos da dereita, o acusan de Roxo e de Comunista.
Por todo o anterior, xa sabemos como fan as cosas no PP de Madrid e o de Dodro tamén, que quere ser alumno avantaxado, pero non. En Dodro con este goberno, imos facer as cousas ben e ademais non vai ter incidencia no traballo diario dos servizos, como parece ser que non tivo ata o de agora que forma oficial, non nas redes sociais, que non son o xeito de facer declaracións, non solo no concello de Dodro senón tamén ante calquera organismo, mesmo da Xunta de Galicia.
Nada mais, isto é todo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Moitas grazas, bueno, me imaxino que eu tamén teño algo que dicir, porque vamos a ver, Señor Alfonsín, vostede convoca o pleno e empeza aquí a verter unha serie de mentiras e algunhas si que son graves.*

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Primeiro, fala de que nós nos cargamos a dúas psicólogas , cando non era certo, había unha persoa traballando cun contrato menor que estaba limitado por tempo e por importe, simplemente o que sucedeu, foi que o contrato rematouse, nós non nos cargamos a ninguén. Ademais esta persoa , non demandou ao concello , nin cometeu ningunha ilegalidade, nin o concello foi condenado porque esa persoa acabara o contrato. No así, en el año 2011, cando vostede accedeu, en mala hora, á alcaldía deste concello, procedeu a despedir a tres presoas e posteriormente a dúas mais, e a sufrir as consecuencias xudiciais dese despidos, porque ata non contratou a bos avogados. Recórdelle, falando de avogados que vostede o primeiro avogado que tivo cando chegou a este concello foi a un familiar moi próximo, hasta que polo que se veu , o familiar tn próximo, deuse conta, que entendo que renunciou a defendelo.
Segundo, seguiu traballando cunha familiar tan próxima, que parecía curioso polo menos, que certa persoa que representase ao concello, tivese tanta proximidade e tanta consanguinidade co alcalde dese momento.
Falando de sinvergüenzas, vou seguir. Segunda cousa, mire, di vostede outra mentira, di que este concello estivo sin auxiliar administrativo durante 10 meses, eso non foi verdade, directamente non foi verdade, é mentira,. Estivo unha auxiliar administrativo de baixa e tivemos a reposición correspondente.
Terceiro, que mais teño aquí, di vostede que veciños de Dodro morreron esperando valoración, dixo vostede, e voulle dicir unha cousa, dixo vostede así, veciños de Dodro morreron ..repita,repita , por favor si ten... repita si lle apetece... bueno. Vostede dixo que veciños de Dodro morreron ou faleceron esperando os servizos do concello. Mire, miña nai, sendo vostede alcalde, faleceu, e falo sen ningún problema de datos, miña nai faleceu, esperando mais dun ano a valoración de Servizos Sociais deste concello ou da Xunta ou de quen correspondese"...

M. Soledad Boga Grela: *(indescifrable)*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Vale, ah pois entonces vostede tamén especifique claramente por favor cando fale vostede. Unha cousa, mentir non pode ser gratis, mentir non pode ser gratis, recórdolle que por favor, actúe con certa lealtade, con certa honradez, é vostede político, representa vostede a cantidade de veciños de Dodro, a unha cantidade importante de veciños de Dodro, por favor, tómese a cousa mais en serio, e agora porque me parece que a situación é bastante importante, vou a dar un segundo turno a tódolos portavoces.*
Señor portavoz do Partido Popular, por favor."

M. Soledad Boga Grela: *"Pido que conste en acta también la intervención del señor del PSOE"*

Valentín Alfonsín, voceiro do PP : *" literal"*

M. Soledad Boga Grela: "*[indescifrable] literal"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *" Lamento que esto non é necesario."*

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

M. Soledad Boga Grela: "*[indescifrable] "*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: "*Señor portavoz do partido popular, por favor"*

Valentín Alfonsín, voceiro do PP : *"Señor Mariño , falou vostede, eu creo falou de todo menos de menos de Servizos Sociais, creo falou de todo menos de menos de Servizos Sociais, que é a súa área, bueno si é así é, normal que pase o que está pasando agora en Servizos Sociais, porque de servizos sociais non falou absolutamente nada.*
Mire, para empezar, falou vostede e preitos perdidos, mire, este que lle fala, ganuo dous preitos para o concello, a raíz deses preitos, a concentración forestal, segue adiante e non fomos nós, non nos achaque a nós o tema do polígono industrial, porque foron vostedes os que o aprobaron. Os que dicían que non o ían aprobar e o que está aprobado según figura no Boletín Oficial da Provincia. Non fale vostede dos nichos, porque foron vostedes os que os reclamaron.
A verdade é que dicir vostede, non ten nada que dicir sobre a psicóloga.
Non ten nada que dicir sobre o informe feito da inspección da Xunta
Pero vostede leuse a Acta? Leuse realmente a Acta do informe da inspección da Xunta?, o que pon? As visitas que están sen facer, a xente que está sen valorar, as horas que se dan a unha persoa que non lle corresponde, a unha que lle dan menos, a outra que lle dan mais, que a uns lle cobran menos, a outros lles cobran mais?. Vostede leuse a Acta?, vostede leuse onde di que ten dous meses de prazo para arranxar a situación?. Pero se todo está tan ben... por que ten que arranxar vostede nada?
Pero non eran vostedes os que sacaron as bolsas de emprego en febreiro e que non fixeron nada e que de golpe e porrazo a raíz da inspección empezaron xa cos tramites da contratación? Non é a inspección da Xunta de Galicia a que di que non están vostede cumprindo a ratio de persoal técnico?
Me pode dicir como se pode facer, desarrollar as labores de Servizos Sociais sen persoal técnico?
E que falou vostede de todo , menos de nada.
Fala vostede da señora Ana Muñiz, si, xa sabemos, a señora Ana Muñiz agora é a técnico que redacta os pliegos técnicos, por primeira vez na historia da administración local, un concelleiro redacta os pliegos técnicos. Non sabemos da súa capacidade para redactar pliegos técnicos, esto é novedoso!. Agora redacta os pliegos técnicos un concelleiro!, isto é novedoso, isto queda moi ben, soamente lle falta adxudicar xa directamente.
Supoño que ao mellor o concelleiro de obras, redactará ao mellor os proxectos das obras!
E todo isto co visto bo do órgano fiscalizador, sen problema ningún.
Aquí os concelleiros redactan pliegos técnicos?
Ese debe ser o único concello onde os concelleiros agora son os técnicos!. Pero bueno, sigan vostedes así.
Acoso ao persoal, aquí a ninguén se acosou, se ten unha proba dun acoso, que é unha cuestión moi grave, o que ten que poñer é unha denuncia, unha denuncia, eso ten que que denuncialo, pero acoso en ningún caso.

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A cita previa, bueno, pois me remito aos resultados da inspección, léase vostede a acta, porque ao mellor é que non lla pasaron aínda, pero é que da vergonza, da vergonza ler esa Acta, da vergonza allea.
Axuda á Dependencia da a Xunta de Galicia, vostede non da nada, vostede non da nada. Axuda á Dependencia veñen fixadas por informe técnico, que firma un técnico, vostede non da nada, señor Mariño.
E os alimentos, da vergonza que ...osea, a usted non lle importa que leven seis meses sen repartir os alimentos e que a xente que antes necesitaba eses alimentos durante seis meses non os necesitou? Señor Mariño, non os necesitou? E que é unha auténtica vergonza... a vostedes.
Mire o tema da entrega de alimentos , cando se o deixa de ser, mira non fai falta poñer o micrófono, simplemente hai que saber como funciona, porque como funciona aquí, funciona noutros concellos, exactamente igual.
Di vostede unha contratación irregular do... da psicóloga? Irregular?. Bueno, mire si é irregular a psicóloga como é irregular a dos avogados? Como é regular a dos avogados?, a dos avogados é regular?.
Fala vostede, o señor voceiro do partido socialista, do reparto de alimentos, de amigos, de non amigos... pero entonces o concelleiro, o voceiro do partido socialista, ten acceso aos datos persoais das familias que reciben os alimentos?. Eses non son datos protexidos?
Pero realmente ten datos dos ingresos que xustifican, dos informes técnicos que xustifican por qué unha familia si e outra non?. Non me diga?.
O atraso no SAF e Dependencia din que é falso. Outra vez lle remito a acta da inspección da Xunta de Galicia, léanse vostedes a acta, e que non fai falta que llo diga eu, e que o di a acta da inspectora, es eso facendo unicamente un muestreo, facendo un muestreo nada mais.
E sobre as declaracións do señor Castro, mire, vamos a ver, non hai ningunha factura, creo eu, aquí no concello de un familiar ou parente próximo á miña persoa. Respecto a súa nai, lamento moito que vostede non se preocupara suficiente para non saber nin sequera o que necesitaba da súa nai, porque eso é lamentable, pero todos sabemos como e aquelas circunstancias que rodearon aqueles feitos. En todo caso eu o que si podo decir é que nunca me pasei a miña vida dicindo aos veciños que era controlador aéreo, cando era persoal de mantemento, nunca me pasei a miña vida nin nunca mentín tanto como mentiron algúns. Eu son o que son, meus veciños saben desde o principio a que me dedico e non tuven nunca que decir a ninguén o que non era para aparentar.
Nada mais e moitas grazas."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Moitas ... non vou a decir grazas porque non merece as grazas.*
O portavoz do grupo nacionalista galego, se quere facer uso do seu turno, por favor."

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de BNG de Dodro: *"Si, por favor, moi brevemente.*
Moi brevemente, eu creo que me remito ao mesmo, se ten un problema de xordeira, pois como lle dicía antes, fágase mirar o partido popular porque é grave! Eu aquí non falei de nada.

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Saben moito de inspeccións, pois non saben nada mais que de aquelo que lle interesa para ir contra do concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, porque eu non acabo de entender esta fixación. Temos moitas inspección no concello de Dodro, non sei e o sabe? "

Interrompe o señor Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP de xeito indescifrable.

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Señor Alfonsín, vostede ven de intervir durante doce minutos, todo o seu segundo turno, o primeiro dezaoito, teño aquí apuntado, si. Por favor agradézcolle que manteña o mesmo respecto que mantivemos o resto con vostede, sei que lle costa porque é un tema de educación e vostede carece, carece vostede de educación. Voulle repetir, non lle estou preguntando, estoullo dicindo. Por favor señor Alfonsín non estamos , xa llo dixen antes, primeiro aviso, non quero votalo dun pleno, pero me parece que antes que tarde, vai ter que saír vostede dun pleno, porque non é capaz de manter as formas. É curioso , pensa vostede que está na súa casa e non está.*
Por favor , señor..., desculpe a intervención.

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de BNG de Dodro: *"moitas grazas señor alcalde.*
Nada, eu decíalle que temos moitas inspeccións no concello de Dodro e interésalle única e exclusivamente algunhas inspeccións en particular, non sei moi ben por que, porque a información que lle dou o concelleiro de Servizos Sociais, son feitos verídicos, son feitos verídicos, vostede en ningún momento dixo que o que acababa de dicir eu era mentira, pero eu si lle dixen que moitas cousas que vostede afirmou, son mentiras. E ratifícome no mesmo, eso para empezar.
Segundo, o polígono industrial, vamos a ver, volvemos coa memoria histórica? Polígono industrial, pero quen conseguiu o polígono industrial? O goberno bipartito. Vinte e oito anos do goberno do partido popular, incapacitaron a Dodro para a vida, e repítolle o que lle dixen antes: permite o partido popular que se marchen empresas para fora e que non se instalen aquí e que aínda por encima, e capaz de sen consultalo con ninguén, tendo toda a xente en contra, cambiar un polígono industrial que non significou ningún tipo de protesta veciñal, por un formento entre as aldeas na boca da autovía da Barbanza e da carretera comarcal. E quédase tan tranquilo, na oposición claro, pero tranquilo.
Simplemente acabo dicíndolle que ..., tranquilícese, tranquilícese, eu creo que como dicía Shopenhauer, viviría mellor. Un home intelixente é un home tranquilo, eu creo que deberían de tranquilizarse, porque non lles vai a levar a moitos sitios, eu creo que deben estar tranquilos, a xente de Dodro está atendida, a xente de Dodro con este goberno, e acabo xa, señor alcalde, a xente de Dodro, con este goberno está facendo as cousas con luz e con taquígrafos, e si, por favor, se hai algunha ilegalidade posta de manifesto, eu creo que, vaia ao xulgado que alí ao partido popular coñéceno... e a vostede en concreto, coñéceno en moitos xulgados.
Nada mais."

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *[Inintelixible]*

Ramón Abuín Gómez, concelleiro do PSOE de Dodro: *"Vostede sabe ben quen cambiou a zona do solo industrial, non? Sabeo perfectamente. Sabe ben, sabe ben, quen inscribeu no Rexistro da propiedade os terreos do cemiterio de San Xoán de Laíño para o concello de Dodro, e sabe ben por que se paralizou o proceso de concentración parcelaria, eso tuvo a consecuencia de que vostedes perderon o goberno municipal, e sabe ben que foi pola súa idea, os seus caprichos que ten.*
Sabemos que vostede ten unha capacidade de redacción moi grande, xa sabemos que vostede sabe de todo, sabe de avogacía, de arquitectura ... , de todo, de todo, pero o que non sabe realmente e sumalo tempo. Si do 31 de maio a esta parte van seis tempos, van seis meses, como dixo, do reparto de alimentos do 31 de maio...
E bueno, con respecto ao outro, dígolle que non teño acceso, nin me interesa ter o acceso a eses datos , pero teño personas de afinidade, da miña afinidade que eran usuarias ou que recibían esos alimentos e agora, averígüe vostede que ten tanto a capacidade para saber de todo e averigüe o que fai, e vólvolle a repetir o mesmo, e non sei porque quere a miña intervención literal, a señora Boga, pero bueno, sería pola capacidade de xestión da empresa. Vóvolle a repetir, está aí. Gracias.

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Moitas grazas.*
Portavoz de Unidade Veciñal, se quer facer uso do seu segundo turno."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Bueno eu simplemente, non sei , e que non teño moi claro si nos puxo como modelo a xestión da Xunta de Galicia nas axudas á Dependencia, ou o comparou có que tarda aquí o concello de Dodro ou o que tarde a Xunta en dar as axudas á Dependencia. Simplemente, imaxino que non o poñería de modelo á Xunta de Galicia porque se non , xa é o que nos faltaba. Simplemente eso".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Moitas grazas.*
Bueno eu, nunha última intervención , porque teño que rematar xa este punto, xa levamos bastante tempo, 45 minutos e non pensei que era para tanto.
Mire, dúas cousiñas fáciles.
Sobre a inspección da Xunta de Galicia, non é a primeira inspección que se fai para este concello, nin é a primeira acta, nin é a primeira que se vai resolver, como se resolveron as outras. Recórdolle, non poña o grito no ceo porque hai unha inspección da Xunta e vostede dispón da Acta esa de inspección, teño as miñas dubidas para saber como dispón dela, me imaxino que lla mandaron os seus amigos da Xunta coa intención de que a teña porque supoño que será... "

Valentín Alfonsín, voceiro do PP : *(Inintelixible)*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *" Bueno, hoxe a mañá que xa a tiña preparada a cousa..."*

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín, voceiro do PP : *[indescifrable]*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"por favor non me interrompa. Segundo, sobre as listas de traballo temporal, si veu hoxe á mañá o asunto, tiña que ver vostede que as listas de traballo temporal, están convocadas desde o mes de xaneiro, non minta, o día 13 de xullo prodúcese o último exame para corríxeme, para educadora familiar, creo que é, vale, é dicir, xa temos unha lista de traballo temporal de auxiliar administrativo, temos unha lista de traballo temporal de outro auxiliar administrativo, un para servizos socias, outro para servizos xerais, temos unha lista de traballo temporal para traballadora social. Que quero dicir ? que eso chámaselle boa xestión, chámase previsión do que poida pasar, e chámase cumprir a lei, non contratar a quen lle de a gana, cando lle de a gana.*

É curioso, vostede pasa de queixarse de que o arquitecto que tiñamos no concello cando estivemos na primeira fase, estaba de xeito ilegal, porque había sobrepasado,os tempos de non sei que... Temos un arquitecto, con un convenio con outro concello e funcionario que evidentemente cumpre todas as normativas legales, posibles e admitibles... tamén lle molesta, pasa igual cos avogados, a vostede non lle vale nada.

E redundando no que dixo do concelleiro do BNG, por favor, intente facer unha proposta constructiva porque os veciños teñen dereito a que vostede faga unha boa oposición, os veciños queren un portavoz do Partido Popular que sea constructivo e que aporte algo."

2. CESE DO ACTUAL CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, D. XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN.

"Dito isto, pasamos ao seguinte punto da orde do día, que é o cese do actual concelleiro de servizos sociais, don Xoán Bautista Mariño Abuín. E aquí, de acordo co informe de Secretaría- Intervención, recordarlle ao portavoz do partido popular e aos tres asinantes da petición do pleno extraordinario, que a potestade de nomear ao concelleiro ou de cesalo , é do alcalde. Polo tanto este punto, a criterio da secretaría- intervención este concello, xa non tiña lugar este punto neste pleno, eu introdúxeno a efectos de que aparecese no pleno, pero nin vai haber votación, nin vaise a decidir nada mais sobre este asunto. Se levanta a sesión e moitas grazas por vir."

Ás 12:16 horas por orde da Presidencia, levántase a sesión entre protestas dos concelleiros/a do Grupo Municipal do Partido Popular; sesión da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: x1xD7OL+MlkCJX4im6Fy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.